

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE DECEMBRO DE 2010

LICENZAS FAVORABLES.-

LIC/1107/2008.- Manuel Antonio Ferreiro Velasco. Estimación de recurso de reposición e concesión de licenza para adaptación da pirotecnica existente no lugar da Sionlla de Abaixo.

LIC/2098/2010.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS da rúa Gómez Ulla, 1.- Instalación de ascensor no interior do edificio

LIC/2099/2010.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS da Avda. de Rosalía de Castro, 105.- Instalación de ascensor no interior do edificio.

LIC/349/2010.- PUENTES Y CALZADAS, SL.- Construcción dun edificio para 35 vivendas de VPA e locais comerciais na parcela M5 do SUP-7 de Ponte Pedriña II na rúa "E".

5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse definitivamente axudas para 15 vivendas por un importe total de 51.755,99 euros.

6 a 90.- IIVTNU (Plusvalía): solicitude de beneficio fiscal; solicitudes de liquidación e solicitude de exención no Imposto sobre Bens Inmóbles.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

92.- Estudo de detalle nas parcelas A1, A2, A3, A4, A5, A6 e A7 do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20). Amanecida.

Apróbase inicialmente o estudo de detalle das devanditas parcelas presentado o 10 de novembro por CONSTRUCCIONES RUA FER, SA.

94.- Contestación de alegacións e aprobación definitiva do Proxecto de expropiación do vial de acceso a Formarís para as conexións exteriores do enlace da N-550 co SUNP-37.3, SUNP-38 e FINSA.

Resólvense as alegacións e apróbase definitivamente o proxecto.

95.- Aprobación definitiva do Proxecto de reparcelación do SUNP-37.3. Costa Vella.

Apróbase definitivamente o proxecto.

96.- Aprobación definitiva do Proxecto de reparcelación do SUNP-38. Formarís.

Apróbase definitivamente o proxecto.

97.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aceptación de doazón de diverso material ao Concello.

Acéptase a doazón proposta por XADE consistente en material deportivo por valor de 18.000 euros para as instalacións municipais.

98.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso da pista de chave do parque público de Galeras para o desenvolvemento do campionato de inverno.

Concédeselle á Asociación de Xogadores de Chave de Santiago carácter prioritario para a utilización do mencionado recinto ata o mes de abril de 2011.

99.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión do uso de diversos pavillóns municipais, e outros extremos para o desenvolvemento do 5º torneo solidario de fútbol-campaña benéfica "OPERACIÓN QUILO: UN QUILO UN SORRISO".

Autorízase o uso dos pavillóns municipais do Restollal e Pontepedriña desde o 27 ata 30 de decembro en horario de 20.00 a 23.30 horas.

100.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da xustificación do convenio asinado co Club A. Lobelle de Santiago F.S.

Apróbase a xustificación por importe de 135.578 euros.

101.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dos gastos dos bolseiros do programa "A Auga Patos".

Apróbase o programa e un orzamento de 1.000 euros para asumir o custo das bolsas dos alumnos ou colectivos de carácter especial.

102.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á contratación das obras de reparación de capa de rodadura no forxado do aparcadoiro do Auditorio de Galicia.

Adxudícanse os traballos de referencia á empresa EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES,SA, por importe de 29.488,20 euros.

103.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á aprobación da xustificación do convenio coa Asociación Cultural Seráns en Compostela 2010.

Apróbase a xustificación do convenio por importe de 2.000 euros.

104.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á aprobación da xustificación do convenio co Museo do Pobo Galego 2010.

Apróbase a xustificación do convenio por importe de 12.000 euros.

105.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á aprobación da xustificación do convenio coa Asociación Cultural e Musical Solfa 2010.

Apróbase a xustificación do convenio por importe de 5.000 euros.

106.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á contratación das obras de acondicionamento térmico do centro sociocultural de Marrozos.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa CLIMAGAL, SL, por importe de 15.141,76 euros.

107.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente para dar conta da concesión dunha prórroga do convenio para o financiamento das obras de "Ampliación e substitución da rede de saneamento e abastecemento en varias parroquias".

Dáse conta da resolución da Deputación por medio da cal se concede a prórroga da vixencia do citado convenio ata o 25 de abril de 2011.

108.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do programa "Ruptura de parella e non de familia" da unidade de Psicoloxía Forense da facultade de Psicoloxía.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio polo que o Concello achega 30.000 euros.

URXENCIAS

1.- Estímase parcialmente o recurso de reposición interposto pola empresa EXTRACO, SA, adxudicataria das obras de reurbanización do espazo público da Calzada de San Pedro e considérase probado que a empresa incumpriu o prazo de execución pactado por causas que lle son imputables, o cal supón unha demora de 19 días naturais no remate das obras, polo que procede a imposición das penalidades establecidas no prego de cláusulas a razón de 0,55euros/día/1.000 euros do prezo do contrato, o que acada un importe de 3.131,75 euros.

2.- Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a contratación do servizo de lacería de animais abandonados no termo

municipal de Santiago, por procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 43.314,77 euros.

4.- Abóanse as horas extraordinarias ao persoal municipal correspondentes aos meses de setembro, outubro e novembro e o pagamento de produtividade correspondente ao segundo semestre do ano 2010.

5.- Apróbase o texto do convenio a subscribir entre a Deputación da Coruña e o Concello para financiar o proxecto básico modificado de construción do edificio do CERSIA. A Deputación achegará 200.000 euros, o 16,03%.

6.- Apróbase a celebración do Campionato de España de Kárate cadete, júnior e sub-21 no Multiusos de Sar, así como unha achega de 20.000 euros.